

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL ASESOR E AUXILIAR A PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA (LISTA C) PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, GRUPO A, SUBGRUPO A1.

Con data 13 de decembro de 2021 o tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a confección dunha lista de reserva (lista C) para a provisión interina de prazas de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos, Grupo A, Subgrupo A1, na súa sesión constitutiva e de conformidade co establecido na base 8ª das bases da convocatoria, emitiu unha proposta de nomeamento de persoal asesor e auxiliar que consta na acta de constitución do tribunal cualificador incorporada ao expediente e que resulta do teor literal seguinte: "(...) **PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL ASESOR PARA O PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST, E PARA O TERCEIRO EXERCICIO, E DE PERSOAL AUXILIAR PARA O PRIMEIRO EXERCICIO, TEST.** O Tribunal acorda propoñer que se incorpore, consonte ao disposto na base 8ª das bases reguladoras da convocatoria, persoal asesor especialista durante o primeiro exercicio e terceiro exercicio, tipo test e coñecemento do idioma galego.

*.- Proponse, en calidade de asesor para a corrección informática dos exercicios que consistan nunha proba tipo test a don **Jaime Barba García Borregón**, informático do servizo de Informática do Concello de Pontevedra, e como suplente, don Santiago Pérez Agra técnico superior enxeñeiro informático do Concello de Pontevedra.*

*.- Proponse, en calidade de asesora do terceiro exercicio sobre coñecemento do idioma galego, a dona **Concepción Cochón Rodríguez**, Asesora Lingüística do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra e, como suplente a dona **Dona Marta Souto González**, técnica superior do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*

*O Tribunal acorda propoñer que se incorpore, como persoal auxiliar durante o primeiro exercicio, tipo test, a dona **Eva Córdoba Márquez**.*

En consecuencia, ao abeiro da base 8ª das bases reguladoras da convocatoria e de conformidade coa proposta do tribunal cualificador arriba reproducida, esta concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura no exercicio das súas atribucións delegadas pola Alcaldía mediante Decreto da alcaldía de data 15/06/2019,

RESOLVE

Primeiro.- Designar en calidade de membro persoal auxiliar para o primeiro exercicio, tipo test, a dona **Eva Córdoba Márquez**.

Segundo.- Designar en calidade de asesor para a corrección informática dos exercicios que consistan nunha proba tipo test a don **Jaime Barba García Borregón**, sendo o seu suplente don **Santiago Pérez Agra**.

Terceiro.- Designar, en calidade de asesora do terceiro exercicio sobre coñecemento do idioma galego, a dona **Concepción Cochón Rodríguez** sendo a súa suplente dona **Marta Souto González**

Cuarto.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).



Así o ordena e dispón a Concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da administración municipal, dou fe.

